

50

- ○ ○ ○ ○ EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ○ ○ EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ○ ○ ○ CREATIVIDADE
- ○ ○ ○ ○ VOCABULARIO
- ● ○ ○ ○ ESCOITA ACTIVA
- ● ○ ○ ○ TRABALLO EN GRUPO
- ● ○ ○ ○ DIFICULTADE

8 ou máis participantes
15 minutos

Paradeportes

Coordinación. Distensión

BIRLOS HUMANOS

MATERIAIS

Balóns xigantes brandos.

ESPAZO

Espazo para situar birlos e lanzar (12x4m).

DESCRICIÓN

Un equipo fai de birlos e unha persoa ou equipo fan de lanzadores. Quen fai de birlos sitúanse en forma de triángulo equilátero, a pouca distancia. A unha distancia razoable sitúanse as persoas que lanzan a bóla. Cando se lanza a bóla, os birlos non se poden mover. Se son tocados pola bóla considéranse birlo caído e retíranse do xogo. Realízanse tantas roldas como se determine de antemán e cóntase como puntuación o número de birlos caídos. No caso de que se tiren todos os birlos antes da fin do número de roldas determinado, vólvese armar o triángulo equilátero.

Con grupos pequenos: un par de lanzadores por vez.

Número de lanzamentos: dous ou tres cada xogador. Puntuación: cóntase a puntuación de cada parella e vanse cambiando alternativamente os pares.

Con grupos grandes: un equipo fai de birlos e outro de lanzadores.

Número de lanzamentos: un por xogador. A puntuación é por equipos.

